

MINISTERIO DE SANIDADE E CONSUMO

20548 *REAL DECRETO 2196/2004, do 25 de novembro, polo que se modifica o Real decreto 142/2002, do 1 de febreiro, polo que se aproba a lista positiva de aditivos distintos de colorantes e edulcorantes para o seu uso na elaboración de produtos alimenticios, así como as súas condicións de utilización.* («BOE» 14, do 3-12-2004.)

A publicación do Real decreto 142/2002, do 1 de febreiro, polo que se aproba a lista positiva de aditivos distintos de colorantes e edulcorantes para o seu uso na elaboración de produtos alimenticios, así como as súas condicións de utilización, procedeu á codificación en único texto do Real decreto 145/1997, do 31 de xaneiro, do Real decreto 494/1998, do 27 de marzo, e do Real decreto 994/2000, do 2 de xaneiro, que incorporaron ao noso ordenamento xurídico a Directiva 95/2/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 de febreiro de 1995, relativa a aditivos alimentarios distintos dos colorantes e edulcorantes, e as súas posteriores modificacións.

Nesta última etapa, modifícase novamente a Directiva 95/2/CE por medio da Directiva 2003/114/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 22 de decembro de 2003, con obxecto de se adaptar aos progresos técnicos producidos no ámbito de aditivos alimentarios distintos de colorantes e edulcorantes, incorporar, no ámbito comunitario, un novo aditivo xa autorizado noutro Estado membro (poli-1-deceno hidroxenado) e ampliar as autorizacións para o uso dalgúns aditivos alimentarios, así como darlle cumprimento ao previsto na Directiva 88/388/CE do Consello, do 22 de xuño de 1988, relativa á aproximación das lexislacións dos Estados membros no ámbito dos aromas que se utilizan nos produtos alimenticios e dos materiais de base para a súa produción, incluíndo nos diversos anexos da Directiva 95/2/CE os aditivos necesarios para o almacenamento e o uso dos aromas, que se deben limitar ao mínimo requirido para conseguir o efecto desexado.

De conformidade co Regulamento (CE) n.º 178/2002 do Parlamento Europeo e do Consello, do 28 de xaneiro de 2002, polo que se establecen os principios e os requisitos xerais da lexislación alimentaria, se crea a Autoridade Europea de Seguridade Alimentaria e se fixan procedementos relativos á seguridade alimentaria, os aromas entran dentro da definición de «alimento».

A presenza dun aditivo nun alimento como consecuencia da utilización dun aroma adoita ser baixa, e o aditivo non ten ningunha función tecnolóxica no alimento. Non obstante, se o aditivo, en determinadas circunstancias, tivese unha función tecnolóxica no alimento composto, deberíase considerar como un aditivo do alimento composto e non como un aditivo do aroma, e deberíase aplicar as normas pertinentes relativas ao aditivo no alimento concreto, incluídas as normas de etiquetaxe establecidas no Real decreto 1324/2002, do 13 de decembro, polo que se modifica a norma xeral de etiquetaxe, presentación e publicidade dos produtos alimenticios, aprobada polo Real decreto 1334/1999, do 31 de xullo.

Deberíase informar os fabricantes de alimentos sobre as concentracións de todos os aditivos nos aromas para que poidan aplicar a lexislación comunitaria. Isto axústase ao establecido no Real decreto 1477/1990, do 2 de novembro, polo que se aproba a regulamentación técnico-sanitaria dos aromas que se utilizan nos produtos alimenticios e dos materiais de base para a súa produ-

ción, modificado polo Real decreto 4/2004, do 9 de xaneiro, que exige a etiquetaxe cuantitativa de cada compoñente se existe unha limitación cuantitativa nun produto alimenticio. Unha limitación cuantitativa exprésase numericamente ou mediante o principio «quantum satis».

Ben que se debe autorizar a utilización dos aditivos que resultan necesarios para garantir a seguridade e a calidade dos aromatizantes e para facilitar o seu almacenamento, os niveis dos aditivos presentes nestes aromatizantes débense limitar ao mínimo requirido para conseguir o efecto desexado. Ademais, débese garantir ao consumidor información correcta, suficiente e non engañosa sobre o uso de aditivos.

Por outra parte, as substancias difenilo, ortofenil fenol e ortofenil fenato sódico (E-230, E-231 e E-232) incluídas ata o presente na lista de conservadores do Real decreto 142/2002, do 1 de febreiro, para o tratamento de superficie de cítricos, entran dentro da definición de produtos fitosanitarios do Real decreto 2163/1994, do 4 de novembro, polo que se implanta o sistema harmonizado comunitario de autorización para comercializar e utilizar produtos fitosanitarios, polo que deben entrar no seu ámbito de aplicación. Iso comporta a supresión destas substancias do citado Real decreto 142/2002, do 1 de febreiro.

Este real decreto introduce modificacións nos artigos do Real decreto 142/2002, do 1 de febreiro, e inclúe un anexo que modifica o contido dos seus anexos. Preténdese con iso establecer unha regulación actualizada dos aditivos, así como das súas condicións de utilización, todo iso para garantir a protección da saúde e a información dos consumidores.

Procede, por tanto, en virtude das obrigas derivadas da pertenza do Reino de España á Unión Europea, incorporar ao ordenamento xurídico interno os preceptos contidos na Directiva 2003/114/CE mediante este real decreto, que se dita ao abeiro do disposto no artigo 149.1.16.^a da Constitución e de acordo co previsto no artigo 40.4 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade. Na súa tramitación foron oídas as asociacións de consumidores e os sectores afectados e emitiu informe preceptivo a Comisión Interministerial para a Ordenación Alimentaria.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Sanidade e Consumo, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 19 de novembro de 2004,

DISPONGO:

Artigo único. *Modificación do Real decreto 142/2002, do 1 de febreiro, polo que se aproba a lista positiva de aditivos distintos de colorantes e edulcorantes para o seu uso na elaboración de produtos alimenticios.*

O Real decreto 142/2002, do 1 de febreiro, polo que se aproba a lista positiva de aditivos distintos de colorantes e edulcorantes para o seu uso na elaboración de produtos alimenticios, queda modificado nos seguintes termos:

Un. A alínea ñ) do artigo 2.1, «Definicións», queda redactada do seguinte modo:

«ñ) Estabilizadores: as substancias que posibilitan o mantemento do estado físico-químico dun alimento. Os estabilizadores inclúen as substancias que permiten o mantemento dunha dispersión homoxénea de dúas ou máis substancias non miscíbeles nun alimento, as substancias que estabilizan, reteñen ou intensifican unha cor existente nun alimento e as substancias que incrementan a capacidade de enlace dos alimentos, incluída a formación de enlaces cruzados entre as proteínas que permitan

a unión dos anacos de alimento no produto alimenticio reconstituído.»

Dous. O artigo 4 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 4. *Utilización de aditivos alimentarios distintos de edulcorantes e colorantes en alimentos compostos.*

1. Sen prexuízo do estipulado noutras disposicións específicas, poderase permitir a presenza dun aditivo nun alimento composto, distinto dos mencionados nos puntos 3, 4 e 5 do artigo 3, na medida en que o aditivo alimentario estea permitido nun dos ingredientes do alimento composto.

2. Así mesmo, poderase permitir a presenza dun aditivo alimentario nun alimento que estea destinado a servir unicamente para a preparación dun alimento composto, na medida en que este último se axuste aos preceptos deste real decreto.

3. Poderase permitir a presenza dun aditivo alimentario nun alimento ao que se lle engadise un aroma, na medida en que o aditivo alimentario estea permitido no aroma en cumprimento do establecido neste real decreto e se lle engada ao alimento a través do aroma, e que o aditivo alimentario non teña ningunha función tecnolóxica no alimento final.

4. Os puntos 1 e 2 deste artigo non serán de aplicación aos preparados para lactantes, preparados de continuación, alimentos de desteta e alimentación con fins médicos especiais segundo a lexislación vixente, excepto cando se dispoña especificamente o contrario.

5. O nivel de aditivos nos aromas limitarase ao mínimo necesario para garantir a seguridade e a calidade dos aromas e para facilitar o seu almacenamento. Ademais, a presenza de aditivo nos aromas non debe inducir a erro o consumidor nin debe representar un perigo para a saúde. Se a presenza dun aditivo nun alimento, como consecuencia da utilización de aromas, ten unha función tecnolóxica no alimento, deberase considerar como un aditivo do alimento e non como un aditivo do aroma.»

Tres. Os anexos modifícanse segundo o disposto no anexo deste real decreto.

Disposición transitoria primeira. *Prórroga de comercialización.*

Queda prohibida a comercialización e o emprego dos produtos que non se axusten ao disposto neste real decreto despois do 27 de xaneiro de 2006.

Disposición transitoria segunda. *Réxime transitorio de comercialización de produtos.*

Os produtos postos no mercado ou etiquetados antes do 27 de xaneiro de 2006 conforme a lexislación vixente anterior á entrada en vigor deste real decreto poderanse comercializar ata a finalización das existencias.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto neste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do establecido no artigo 149.1.16.^a da Constitución e de acordo co establecido no artigo 40.4 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid, o 25 de novembro de 2004.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Sanidade e Consumo,
ELENA SALGADO MÉNDEZ

ANEXO

Os anexos do Real decreto 142/2002, do 1 de febreiro, modifícanse como segue:

Un. A nota 2 do anexo I e as denominacións modifícanse nos seguintes termos:

«2. As substancias citadas cos números E-407, E-407 a e E-440 poderán ser normalizadas con azúcreos, sempre que así se indique xunto ao seu número e denominación.

Denominacións:

a) Na entrada para o E-170, unicamente figurará E-170 Carbonato cálcico.

b) Para o E-466, engádese o nome "goma de celulosa".

c) Para o E-469, engádese o nome "goma de celulosa hidrolizada encimaticamente".»

Dous. No anexo II, todas as entradas onde figure E-170 Carbonatos de calcio substitúense por E-170 Carbonato de calcio. Así mesmo, modifícanse os cadros dos seguintes produtos alimenticios:

«Cacao e chocolate:

Produtos alimenticios	Aditivos	Dose máxima
Produtos de cacao e de chocolate segundo o Real decreto 1055/2003, do 1 de agosto.	E-472c Ésteres cítricos dos mono e diglicéridos dos ácidos graxos.	Quantum satis.

Leite e produtos lácteos:

Produtos alimenticios	Aditivos	Dose máxima
Leite de cabra UHT.	E-331 Citratos de sodio.	4 g/l.

Produtos vexetais:

Produtos alimenticios	Aditivos	Dose máxima
a) Patacas envasadas peladas e sen elaborar.	E-296 Ácido málico.	Quantum satis.
b) Compota de froita.	E-440 Pectinas. E-509 Cloruro cálcico.	Quantum satis (só para compota de froita distinta da mazá).
c) Castañas en líquido.	E-410 Goma de alfarroba. E-412 Goma guar. E-415 Goma xantana.	Quantum satis.

Queixos:

Produtos alimenticios	Aditivos	Dose máxima
Queixos de tipo mozzarella e queixos obtidos a partir de lactosoros.	E-460 ii Celulosa en po.	Quantum satis (só para queixo relado ou en rebandas).»

Tres. No anexo III realízanse as seguintes modificacións:

Na parte C, suprimense as entradas «E-230 Bifenilo, difenilo», «E-231 Ortofenil fenol» e «E-232 Ortofenil fenato sódico», así como a «chamada (1)».

Realízanse as seguintes modificacións nos seguintes produtos alimenticios:

a) Engádense os seguintes produtos:

«Aromas:

Produtos alimenticios	Aditivos	Dose máxima
Aromas.	Sa+Ba.	1500.»

Produtos alimenticios	Aditivos	Dose máxima
Aceites esenciais.	E-310 Galato de propilo. E-311 Galato de octilo. E-312 Galato de dodecilo. E-320 Butil hidroxianisol (BHA).	1000 mg/kg (galatos e BHA, por separado ou en combinación).
Aromas distintos dos aceites esenciais.	E-310 Galato de propilo. E-311 Galato de octilo. E-312 Galato de dodecilo. E-320 Butil hidroxianisol (BHA).	100 mg/kg (galatos por separado ou en combinación) ou 200 mg/kg BHA.»

«Produtos da pesca:

Produtos alimenticios	Aditivos	Dose máxima
Colas de cangrexo cocidas e moluscos cocidos mariñados envasados.	Sa.	2000.»

«Viños:

Produtos alimenticios	Aditivos	Dose máxima
Viños consonte o Regulamento 1493/1999* e o seu Regulamento de aplicación 1622/2000**.	E-1105 Lisocima.	Pro memoria.

* Regulamento (CE) n.º 1493/1999 do Consello, do 17 de maio de 1999, polo que se establece a organización común do mercado vitivinícola (DO L 179 do 14.7.1999. p.1. Regulamento cuxa última modificación a constitúe o Regulamento (CE) n.º 1795/2003 da Comisión (DO L 262 de 14.10.2003 p.13).

** Regulamento (CE) n.º 1622/2000 da Comisión, do 24 de xullo de 2000, que fixa determinadas disposicións de aplicación do Regulamento (CE) n.º 1493/1999, polo que se establece a organización común do mercado vitivinícola, e introduce un código comunitario de prácticas e tratamentos enolóxicos (DO L 194 do 31.7.2000 p.1); Regulamento cuxa última modificación a constitúe o Regulamento (CE) n.º 1410/2003 (DO L 201 de 8.8.2003 p.9).»

b) Modifícase o seguinte produto alimenticio:

«Pan, pans especiais e bolos:

Produtos alimenticios		
Pan e pans especiais precociñados e envasados.	Engádese:	Pan e pans especiais precociñados e envasados destinados á venda polo miúdo
Pan de valor enerxético reducido.	Engádese:	Pan de valor enerxético reducido destinado á venda polo miúdo .»

c) Suprímese o seguinte produto alimenticio:

«Produtos vexetais elaborados:

Produtos alimenticios	Aditivos	Dose máxima
Tratamento de superficie dos cítricos.	E-230. E-231*. E-232*.	70. 12.

* A supresión do E-231 e E-232 entrará en vigor tan pronto como os requisitos de etiquetaxe dos alimentos tratados coas devanditas substancias sexan de aplicación, en virtude da lexislación comunitaria sobre contidos máximos de residuos de praguicidas.»

Catro. No anexo IV realízanse as seguintes modificacións:

a) Inclúense na listaxe os seguintes aditivos:

«N.º E	Denominacións	Observacións
E-907. E-1517. E-1519. E-1520.	Poli-1-deceno hidrogenado. Diacetato de glicerilo (diacetina). Alcohol bencílico. 1,2 Propanodiol (propilenglicol).»	

b) Engádese o seguinte produto alimenticio:

«Produtos alimenticios	Aditivos	Doses máximas
2. Aromas.	E-338 a E-341, E-343 e E-450 a E-452.	40 g/kg.
	E-416 Goma karaya.	50 g/kg.
	E-551 a E-559.	50 g/kg (só E-551).
	E-900 Dimetilpolisiloxano.	10 mg/kg.
	E-1505 Citrato de trietilo. E-1517 Diacetato de glicerilo (diacetina). E-1518 Triacetato de glicerilo (triacetina). E-1520 1,2 Propanodiol (Propilenglicol).	3 g/kg de todas as fontes en produtos alimenticios consumidos ou reconstituídos consonte as instrucións do fabricante, por separado ou en combinación. No caso das bebidas, a dose máxima do E-1520 será do 1 g/l.
2.1 Aromas excepto aromas de fume líquido e aromas baseados en oleoresinas *de especias.	E-432 a E-436.	10 g/kg.
2.2 Alimentos que conteñen aromas de fume líquido e aromas baseados en oleoresinas de especias.	E-432 a E-436.	1 g/kg.
2.3 Aromas encapsulados para: a) Tés aromatizados e bebidas en po instantáneas aromatizadas. b) Produtos de aperitivo aromatizados.	E-459 Betaciclodextrina.	500 mg/l en produtos alimenticios consumidos ou reconstituídos consonte as instrucións do fabricante.
		1 g/kg en produtos alimenticios consumidos ou reconstituídos consonte as instrucións do fabricante.

«Produtos alimenticios	Aditivos	Doses máximas
2.4 Aromas para: a) Licores, viños aromatizados, bebidas aromatizadas a base de viño e cócteles aromatizados de produtos vitivinícolas. b) Confeitaría, incluído o chocolate e bolos finos.	E-1519 Alcohol bencílico.	100 mg/l procedentes de todas as fontes en produtos alimenticios consumidos ou reconstituídos consonte as instrucións do fabricante. 250 mg/kg procedentes de todas as fontes en produtos alimenticios consumidos ou reconstituídos consonte as instrucións do fabricante.

* As oleorresinas de especias defínense como extractos de especias dos cales se evaporou o disolvente de extracción, deixando unha mestura de aceite volátil e o material resinoso da especia.»

c) No produto «Bebidas alcohólicas», realízanse as seguintes modificacións:
Suprímense os seguintes aditivos:

«Produtos alimenticios	Aditivos	Doses máximas
2. Sidra e sidra de pera.	E-338 a E-341, E-343 e E-450 a E-452.	2 g/l.»

Engádese o seguinte aditivo:

«Produtos alimenticios	Aditivos	Doses máximas
1.1.3 Bebidas espirituosas turbias aromatizadas de grao alcohólico volumétrico inferior ao 15 %.	E-444 Acetato isobutirato de sacarosa.	300 mg/l.»

d) As doses máximas para o E-903 Cera de carnaúba substitúense nos seguintes grupos de alimentos:

Café:

«Produtos alimenticios	Aditivos	Doses máximas
Axentes de recubrimento para bagos de café.	E-903 Cera de carnaúba.	200 mg/kg.»

Complementos alimenticios:

«Produtos alimenticios	Aditivos	Doses máximas
Axentes de recubrimento para complementos da dieta.	E-903 Cera de carnaúba.	200 mg/kg.»

Cacaos e chocolates:

«Produtos alimenticios	Aditivos	Doses máximas
Axentes de recubrimento de produtos de cacao e chocolate.	E-903 Cera de carnaúba.	500 mg/kg.»

Goma de mastigar:

«Produtos alimenticios	Aditivos	Doses máximas
Axentes de recubrimento para goma de mascar.	E-903 Cera de carnaúba.	1200 mg/kg.»

Pans especiais e bolos:

«Produtos alimenticios	Aditivos	Doses máximas
Axentes de recubrimento para bolos finos.	E-903 Cera de carnaúba.	200 mg/kg.»

Pastelaría, repostaría e galletaría:

«Produtos alimenticios	Aditivos	Doses máximas
Axentes de recubrimento para pastelaría, repostaría e galletaría.	E-903 Cera de carnaúba.	200 mg/kg.»

Produtos de aperitivo:

«Produtos alimenticios	Aditivos	Doses máximas
Axentes de recubrimento para produtos de aperitivo (incluídos os froitos secos).	E-903 Cera de carnaúba.	200 mg/kg.»

Produtos de confeitaría:

«Produtos alimenticios	Aditivos	Doses máximas
Axentes de recubrimento para produtos de confeitaría (excepto chocolate).	E-903 Cera de carnaúba.	500 mg/kg.»

Produtos vexetais:

«Produtos alimenticios	Aditivos	Doses máximas
Tratamento de superficie de froitas frescas: cítricos, melóns, mazás, peras, pexegos e piñas frescas.	E-903 Cera de carnaúba.	200 mg/kg.»

e) Autorízase o E-907 Poli-1-deceno hidroxenado nos seguintes grupos de alimentos:

Produtos de confeitaría:

«Produtos alimenticios	Aditivos	Doses máximas
Axente de recubrimento para confeitaría a base de azucre.	E-907 Poli-1-deceno hidroxenado.	2 g/kg.»

Produtos vexetais:

«Produtos alimenticios	Aditivos	Doses máximas
Axente de recubrimento para froitas desecadas.	E-907 Poli-1-deceno hidroxenado.	2 g /kg.»

Cinco. No anexo V introdúcense as seguintes modificacións:

a) Autorízase a inclusión do E-555:

«N.º E	Denominacións	Uso restrinxido
E-555.	Silicato de potasio e aluminio.	En dióxido de titanio (E-171) e óxidos e hidróxidos de ferro (E-172) (máximo 90% con relación ao pigmento)».

b) Para o E-468, engádese a seguinte denominación: «Goma de celulosa reticulada.»

Seis. No anexo VI, introdúcense as seguintes modificacións:

a) Na parte introdutora da terceira parte, «Aditivos alimentarios permitidos en preparados de desteta para lactantes e nenos de curta idade», inclúese o seguinte parágrafo:

«Os preparados alimenticios para a desteta de lactantes e nenos de curta idade poderán conter octenil succinato sódico de amidón (E-1450) como resultado da adición de preparados vitamínicos ou de preparados que conteñan ácidos graxos poliinsaturados. A transferencia de E-1450 no produto listo para o consumo non deberá exceder

os 100 mg/kg procedentes dos preparados vitamínicos e 1000 mg/kg de preparados que conteñan ácidos graxos poliinsaturados.»

b) Na cuarta parte, substitúese o título polo seguinte:

«ADITIVOS ALIMENTARIOS PERMITIDOS NOS ALIMENTOS PARA LACTANTES E NENOS DE CURTA IDADE PARA FINS MÉDICOS ESPECIAIS, TAL COMO SE DEFINEN NO REAL DECRETO 1091/2000, DO 9 DE XUÑO»

E inclúese o seguinte aditivo:

«E-472 c	Ésteres cítricos dos mono- e diglicéridos dos ácidos graxos.	7,5 g/l para produtos en po. 9 g/l para produtos en forma líquida.	Desde o nacemento.»
----------	--	---	---------------------

20549 *REAL DECRETO 2197/2004, do 25 de novembro, polo que se modifica o Real decreto 2002/1995, do 7 de decembro, polo que se aproba a lista positiva de aditivos edulcorantes autorizados para o seu uso na elaboración de produtos alimenticios, así como as súas condicións de utilización.* («BOE» 291, do 3-12-2004.)

A Directiva 94/35/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 30 de xuño de 1994, relativa aos edulcorantes utilizados nos produtos alimenticios, incorporouse ao ordenamento xurídico español mediante o Real decreto 2002/1995, do 7 de decembro, polo que se aproba a lista positiva de aditivos edulcorantes autorizados para o seu uso na elaboración de produtos alimenticios, así como as súas condicións de utilización.

Posteriormente, a publicación da Directiva 96/83/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 19 de decembro de 1996, modificou por primeira vez a Directiva 94/35/CE, e foi obxecto de transposición mediante o Real decreto 2027/1997, do 26 de decembro.

A evolución científica e técnica produciu cambios no sector dos edulcorantes que se recollen na Directiva 2003/115/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 22 de decembro de 2003, e que modifica por segunda vez a Directiva 94/35/CE, ao autorizar dous novos edulcorantes que foron avaliados polo Comité Científico da Alimentación Humana e reducir as doses máximas de emprego do ácido ciclámico e dos seus sales de sodio e de calcio a teor da nova inxestión diaria admisible que estableceu o citado comité científico.

Este real decreto, que tamén introduce unha modificación na etiquetaxe, así como cambios nas denominacións dalgunhas categorías de alimentos, incorpora ao noso ordenamento xurídico a citada Directiva 2003/115/CE.

Procede, por tanto, en virtude das obrigas derivadas da pertenza do Reino de España á Unión Europea, incorporar ao ordenamento xurídico interno os preceptos contidos na Directiva 2003/115/CE mediante este real decreto, que se dita ao abeiro do disposto no artigo 149.1.16.^a da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de sanidade exterior e bases e coordinación xeral da sanidade, así como de conformidade co establecido nos artigos 38 e 40.4 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade. Na súa tramitación foron oídas as asociacións de consumidores e os sectores afectados e emitiu informe preceptivo a Comisión Interministerial para a Ordenación Alimentaria.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Sanidade e Consumo, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 19 de novembro de 2004,

DISPONGO:

Artigo único. *Modificación do Real decreto 2002/1995, do 7 de decembro, polo que se aproba a lista positiva de aditivos edulcorantes autorizados para o seu uso na elaboración de produtos alimenticios, así como as súas condicións de utilización.*

O Real decreto 2002/1995, do 7 de decembro, polo que se aproba a lista positiva de aditivos edulcorantes autorizados para o seu uso na elaboración de produtos alimenticios, así como as súas condicións de utilización, queda modificado nos seguintes termos:

Un. Inclúese unha alínea c) no punto 2.3.^o do artigo 4, «Etiquetaxe», coa seguinte redacción:

«c) Sal de aspartamo e acesulfamo: «contén unha fonte de fenilalanina».

Dous. No anexo modifícanse as denominacións das seguintes categorías:

«a) “Preparados completos de réxime para o control do peso que substitúan unha comida ou o réxime alimenticio dun día”, pasará a se denominar “Alimentos destinados a seren utilizados en dietas de baixo valor enerxético para redución de peso”, tal como se definen no Real decreto 1430/1997, do 15 de setembro, polo que se aproba a regulamentación técnico-sanitaria específica dos produtos alimenticios destinados a seren utilizados en dietas de baixo valor enerxético para redución de peso.

b) “Preparados completos e complementos nutritivos para uso baixo control médico”, pasará a se denominar “Alimentos dietéticos destinados a usos médicos especiais”, tal como se definen no Real decreto 1091/2000, do 9 de xuño, polo que se aproba a Regulamentación técnico-sanitaria específica dos alimentos dietéticos destinados a usos médicos especiais.

c) “Complementos alimenticios/integradores de réxime dietéticos líquidos”, pasará a se denominar “Complementos alimenticios”, tal como se definen no Real decreto 1275/2003, do 10 de outubro, relativo aos complementos alimenticios, subministrados en forma líquida.

d) “Complementos alimenticios/integradores de réxime dietéticos, sólidos”, pasará a se denominar “Complementos alimenticios”, tal como se definen no Real decreto 1275/2003, do 10 de outubro, subministrados en forma sólida.

e) “Complementos alimenticios/integradores de réxime dietéticos a base de vitaminas e/ou elementos minerais, en forma mastigable ou de xarope”, pasará a se denominar “Complementos alimenticios, a base de vitaminas e/ou elementos minerais en forma mastigable ou de xarope”, tal como se definen no Real decreto 1275/2003, do 10 de outubro.»

Tres. O anexo complétase co texto que figura no anexo deste real decreto.